

BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA

CIÉNCIAME UN CONTO


A AUGA



1

LECTURA DOS LIBROS

A auga é a protagonista destes experimentos e destas historias. Como ves, ciencia e literatura non están tan lonxe. Din que a literatura explica os feitos para os que a ciencia non atopa respostas. Ti que opinas?



COMEZAMOS CO EXPERIMENTO

MATERIAIS

- 1 vaso de cristal.
- Auga
- Papel

PROCEDEMENTO

2

Ir ao baño e botar auga no vaso de cristal ata a metade.

3

Debuxar nun folio unha frecha horizontal apuntando cara a dereita:

4

Colocar o folio coa frecha detrás do vaso con auga.



5

Lentamente e sen perder a vista do vaso con auga, mover cara atrás o folio coa frecha.

6

Observar o que sucede coa frecha a medida que movemos o papel. Notaremos que, ao acadar certa distancia, a frecha parece apuntar na dirección contraria.

7

Volver a realizar os mesmos pasos, pero sen auga. Observarás que non se produce ningún cambio na dirección na que apunta a frecha.

8

CONCLUSIÓN

Cando a luz pasa dun material a outro pode dobrarse ou refractarse, é dicir, cambia de dirección a onda de luz. Neste caso, a luz viaxou atravesando o aire, vidro do vaso, a auga e a parte posterior do vaso. Este fenómeno débese ao cambio de velocidade que experimenta a luz ao pasar do vidro á auga.

